

## Unidade 4. Interiores

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### 1. Subliña de vermello os posesivos e de verde os substantivos.

- A nosa casa está preto da túa escola.
- Os teus tíos son os meus pais.
- O voso can é amigo do noso gato.
- Na miña horta sementei pementos.

### 2. Marca os determinantes posesivos.



### 3. Subliña os cuantificadores e clasifícaos.

- O meu curmán quedou cuarto na carreira
- No primeiro piso daquel edificio hai sete xanelas.
- Na segunda árbore hai un niño con seis andoriñas.
- Hoxe durmín oito horas.

Cardinais: sete, un seis, oito.

Ordinais: cuarto, primeiro, segunda.

### 4. Analiza as palabras destacadas.

- **A miña gata negra tivo catro gatiños.**

	Clase de palabra	Xénero	Número
<b>A</b>	Artigo determinado	Feminino	Singular
<b>miña</b>	Posesivo	Feminino	Singular
<b>gata</b>	Substantivo común	Feminino	Singular
<b>negra</b>	Adxectivo	Feminino	Singular
<b>catro</b>	Numeral cardinal	Masculino	Plural
<b>gatiños</b>	Substantivo común	Masculino	Plural

## Unidade 4. Interiores

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### 5. Rodea a sílaba tónica das seguintes palabras.

tempo	álbum	píntega	abelá	pórtico
xente	ordenador	lapis	follas	xogan
móbil	fácil	campos	saltón	cáliz
bicicleta	leituga	cárcere	xilgaro	bóxer

### 6. Escribe as palabras que teñan a sílaba tónica no penúltimo lugar.

Tempo, campos, xente, fácil, móbil, leituga, xogan, bicicleta, follas, cáliz, álbum, lapis, bóxer.

### 7. Clasifica as palabras graves do exercicio anterior. Despois, rodea as que leven acento gráfico.

Rematan en vogal	Rematan en -n	Rematan en -s	Rematan en consoante distinta de -n ou -s
Tempo, xente, leituga, bicicleta.	Xogan.	Campos, follas, lapis.	Fácil, móbil, cáliz, álbum, bóxer.

### 8. Agora escribe ti dúas palabras graves sen acento gráfico. Resposta libre.

\_\_\_\_\_

### 9. Escribe dúas palabras graves con acento gráfico. Resposta libre.

\_\_\_\_\_

### 10. Ditado.

No verán, fomos de acampada á Mariña de Lugo; César, Víctor e mais eu fixemos a viaxe en automóbil. O réptil que mellor se camufla na natureza é o camaleón. A palmeira é unha árbore que abonda nos oasis dos desertos, o seu froito, o dátíl, é moi apreciado.

## Unidade 4. Interiores

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### 11. Le este relato.

#### Maruxaina

Unha delas conta que diante do cabo de San Cibrán, no concello de Cervo, hai uns illotes chamados «Os Farallóns». Dise que alí vive unha serea chamada «A Maruxaina». Nos días de mal tempo, a Maruxaina sae dos illotes e chama os mariñeiros. Hai quen cre que sae para axudar os mariñeiros en caso de perigo, pero tamén hai quen di que a súa intención é engaiolalos para que naufraguen.

Esta vila de San Cibrán recuperou hai algúns anos unha vella tradición. Confeccionan unha serea de longos cabelos louros cunha rocha. O segundo sábado do mes de agosto, pola noite, lévase esta serea desde Os Farallóns ata a praia de San Cibrán. Alí é sometida a un xuízo popular, no que queda absolta. Ao rematar, volve ás illas, nas que permanece o resto do ano.



[www.diputacionlugo.es](http://www.diputacionlugo.es)

### 12. Responde as seguintes preguntas.

- Cal é o protagonista?

**A Maruxaina, unha serea.**

- Que fai co mal tempo?

**Sae dos illotes e chama os mariñeiros.**

- En que consiste a tradición recuperada polos veciños de San Cibrán?

**Confeccionan unha serea de longos cabelos louros cunha rocha. Paséana desde Os Farallóns ata San Cibrán e é sometida a xuízo.**

- Cal é o feito fantástico da lenda?

**A propia existencia da serea.**


- Enumera os feitos que poidan ser reais.

**Os lugares da narración e a tradición que se celebra.**

## Unidade 4. Interiores

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### 13. Fíxate no mapa e contesta.



- Marca no mapa o lugar onde vives.
- Está dentro da zona marcada como influencia da gheada? \_\_\_\_\_

### 14. Completa coas palabras.

galega

similar ao j no castelán

dígrafo gh

Real Academia Galega da Lingua

- A gheada é un fenómeno da lingua **galega**.
- A gheada prodúcese cando o son da letra **g similar ao j no castelán**.
- A gheada representase polo **dígrafo gh**.
- O uso da gheada está aceptado pola **Real Academia Galega da Lingua**.

### 15. Escribe estas oracións con gheada empregando o dígrafo gh.

- O galo canta todas as mañás.
- **O ghalo canta todas as mañás.**
- Recibín un agasallo dunha gorra.
- **Recibín un aghasallo dunha ghorra.**